



ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Seguiranse os criterios de avaliación contemplados, no D.C.B. e no D.O.G.A., segundo a orde do 21 de Decembro de 2007 sobre avaliación, promoción e titulación na E.S.O., como consecuencia do disposto no Real Decreto 133/2007 do 5 de Xullo. Publicado no D.O.G.A. do 7 de Xaneiro do 2008.

Os contidos son os reflectidos na programación de cada curso.

Os alumnos coa materia pendente do curso anterior serán avaliados polo profesor que lles deu clase no curso pasado, para superar a materia terán que pasar dúas convocatorias. Nunha presentarán un traballo ou actividades a determinar polo profesor, que computará un 40% . O 60% restante será obxecto dunha proba de exame na segunda convocatoria. Ambas as dúas probas son obrigatorias para poder superar a materia.

Se o alumno non acadara os obxectivos mínimos ao longo do curso poderá optar por realizar una nova proba de pendentes en Xuño.

Os materiais de reforzo para a materia pendente serán os propios do nivel e curso no que estivese matriculado o alumno. Nestes materiais, o profesor de Relixión determinará as actividades dos mesmos que cubran os contidos mínimos relativos ao nivel pendente que debe superar o alumno. O profesor coa materia pendente poderá establecer outros materiais de reforzo se o estima oportuno para acadar os obxectivos.

Estableceranse reunións a concretar cos alumnos para a entrega dos traballos e solventar as dúbidas que poideran existir de cara a proba de exame da segunda convocatoria.

PROGRAMA ESPECÍFICO PARA O ALUMNADO REPETIDOR.

Convén distinguir entre aqueles alumnos repetidores que non superaron a materia e os que si. Os alumnos repetidores poden presentar un grado de aburrimiento ou desinterese por certas materias que teñen superadas do curso anterior. No caso de que ese alumno repetidor

superara a materia de Relixión podería, se os contidos se repiten, mostrar escasa motivación na aula. Por iso, neste programa específico aportaríase material didáctico específico para certas actividades, exercicios ou traballos de equipo. No caso de facer un vídeo ou unha presentación bastaría con cambiar os temas tratados no curso anterior. Asimesmo se faría coas lecturas.